



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO

DEPARTAMENTO DANZA CLÁSICA

GRAO ELEMENTAL

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Criterios de avaliación e cualificación tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

MÍNIMOS ESIXIBLES

2. Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

3. Procedementos de avaliación e adaptacións metodolóxicas terceiro trimestre.

4. Proba extraordinaria de setembro e recuperación de materias pendentes.

5. Información e publicidade.



1. Criterios de avaliación e cualificación tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

DCL 1º GE

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>15%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>- Realizar fichas relacionadas co ballet que se estuda neste curso, así como do vocabulario de danza estudado. Visionado e explicación do ballet <i>Crebanoces (Royal Ballet)</i></p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo do ballet, así como o vocabulario de danza impartido neste curso.</p>	<p>15%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Realizar exercicios no que alumno identifique as diferentes partes do corpo e as súas posibilidades de movemento.</p> <p>Con este criterio, trátase de comprobar que o alumno aprendeu a dissociar o movemento de cada parte e cal é a súa correcta colocación.</p> <p>-Realizar exercicios que o profesor marque no momento, empregando distintos ritmos e velocidades adecuadas a este nivel.</p> <p>Con este criterio, trátase de comprobar que o alumno aprendeu a moverse empregando distintas métricas musicais.</p> <p>-Realizar no centro un exercicio de movemento de brazos marcado polo profesor.</p> <p>Con este criterio trátase de comprobar que o alumno aprendeu distintas sensacións durante movemento dos brazos.</p>	<p>70%</p>



<p>-Coñecer e recoñecer os pasos e conceptos básicos aprendidos programados neste curso.</p> <p>Este criterio permite comprobar que o alumno aprendeu conceptos básicos e técnicas de traballo muscular.</p> <p>-Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor, así como o uso do espazo.</p> <p>Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	
---	--

Mínimos esixibles (1ºGE)

-Facer un exercicio no que alumno identifique as diferentes partes do corpo e as súas posibilidades de movemento.

Valorarase que o alumno aprendeu a dissociar o movemento de cada parte e cal é a súa correcta colocación, así coma as sensacións musculares e límites articulares.

-Facer un exercicio no que se traballe o movemento en grupo e en diferentes espazos para desenvolver o sentido de unidade en relación cos demais e co entorno.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do uso correcto do espazo.

-Realizar un exercicio no que se traballen distintos puntos de apoio e se busque a procura dun eixo corporal correcto e interiorizado.

Trátase de comprobar a correcta colocación do corpo, mantendo o eixo e na procura constante do empazamento da pelve e control do torso para a obtención dunha base sólida segura.

-Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.

Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.

-Facer fichas teóricas sobre os ballets vistos no curso así como o vocabulario e a terminoloxía aprendidos.

Comprobar que o alumno interiorizou o estudo do ballet, o vocabulario e a terminoloxía aprendidos neste curso.



DCL 2ºGE

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>15%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer fichas teóricas sobre os ballets vistos no curso identificando personaxes, argumento, música e coreografía. - Facer fichas teóricas nas que se identifique o vocabulario e a terminoloxía aprendidos neste curso. 	<p>15%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <ul style="list-style-type: none"> -Explicar a finalidade do plié, do battement tendu e do temps levé, así como as súas características, as súas fases e sensacións no corpo. <p>Preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos aprendidos neste curso.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificar posicións en dehors e en dedans. <p>Comprobar a progresión na colocación do corpo, valorando ademais o control do eixo, o desenvolvemento do en dehors e das resistencias, para a obtención dunha base sólida e segura.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Realizar un exercicio rítmico no que se coordine con musicalidade, paso marcha, palmas e galops en compás binario e ternario. <p>Comprobarase que o alumno asimilou o tempo musical, o ritmo e aprendeu a moverse seguindo distintas métricas e velocidades.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Realizar un exercicio no que se inclúan movementos polo espazo identificando os diferentes puntos escénicos. <p>Valorarase que o alumno asimilou as diferentes direccións e puntos escénicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Realizar un exercicio no que o alumno diferencie a colocación do corpo en eixo e fóra del, 	<p>70%</p>



<p>traballando o relevé en 1ª, 2ª e 6ª. Explicar sensacións como suxeición, peso.</p> <p>Trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do seu equilibrio.</p> <p>-Realizar un port de bras, que inclúa movementos de 1ª posición a 5ª e preparación.</p> <p>Comprobar que o alumno interiorizou a colocación dos brazos e o torso e coordina o movemento coa cabeza e a mirada.</p> <p>-Realizar os exercicios que irán desenvolvendo a técnica do salto (pequenos saltos nas dúas pernas).</p> <p>Comprobar o impulso ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o control e suxeición do demi plié para o empurre e a caída do salto, de dúas pernas, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto.</p> <p>-Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.</p> <p>Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	
--	--

Mínimos esixibles (2ºGE)

- Explicar a finalidade do plié, do battement tendu e do temps levé, así como as súas características, as súas fases e sensacións no corpo.

Preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos aprendidos neste curso.

- Identificar posicións en dehors e en dedans.

Comprobar a progresión na colocación do corpo, valorando ademais o control do eixo, o desenvolvemento do en dehors e das resistencias, para a obtención dunha base sólida e segura.

- Realizar un exercicio rítmico no que se coordine con musicalidade, paso marcha, palmas e galops en compás binario e ternario.

Comprobarase que o alumno asimilou o tempo musical, o ritmo e aprendeu a moverse seguindo distintas métricas e velocidades.

- Realizar un exercicio no que se inclúan movementos polo espazo identificando os diferentes puntos escénicos.

Valorarase que o alumno asimilou as diferentes direccións e puntos escénicos.

- Realizar un exercicio no que o alumno diferencie a colocación do corpo en eixo e fóra del, traballando o relevé en 1ª, 2ª e 6ª. Explicar sensacións como suxeición, peso.

Trátase de comprobar se o alumno tomou conciencia do seu equilibrio.

-Facer un port de bras, que inclúa movementos de 1ª posición a 5ª e preparación.

Comprobar que o alumno interiorizou a colocación dos brazos e o torso e coordina o movemento coa cabeza e a mirada.

- Realizar os exercicios que irán desenvolvendo a técnica do salto (pequenos saltos nas dúas pernas).

Comprobar o impulso ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o control e suxeición do demi plié para o empuje e a caída do salto, de dúas pernas, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto.

- Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.

Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno/a.

- Facer fichas teóricas sobre os ballets vistos no curso identificando personaxes, argumento, música e coreografía.

Comprobar que o alumno interiorizou o estudo do ballet, así como o seu argumento, os personaxes, o coreógrafo e a música.

- Facer fichas teóricas nas que se identifique o vocabulario e a terminoloxía aprendidos neste curso.

Preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos aprendidos neste curso

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.



DCL 3ºGE

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>15%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>-Realizar fichas relacionadas cos ballets que se estudan neste curso.</p> <p>-Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía do vocabulario de danza traballado neste curso.</p>	<p>15%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Realizar os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet deste nivel para a obtención dunha base técnica sólida e segura. Deberá incluír : - Plies , batt.tendus , jetés, rond de jambe , batt.fondu a terre, batt. frappé e grand battement.</p> <p>-Realizar un exercicio de adagio no centro con pliés e port de bras.</p> <p>Comprobar a colocación dos brazos e o torso e a coordinación de movementos.</p> <p>-Realizar un exercicio de tendus no centro e as diferentes direccións no espazo.</p> <p>Observar o sentido do alumno respecto ao espazo, ás dimensións e ás direccións.</p> <p>-Realizar un exercicio de saltos combinados sobre dúas pernas.</p> <p>Comprobar o pulo ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o estiramento e forza do pé e do nocello, o centro e suxeición do demi plié para o empurre e a recepción do salto, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto e a coordinación de brazos e cabezas.</p> <p>-Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.</p> <p>Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno /a.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación</p>	<p>70%</p>

anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

Mínimos esixibles (DCL 3º GE)

- Realizar os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet deste nivel para a obtención dunha base técnica sólida e segura. Deberá incluír : - Plies , batt.tendus , jetés, rond de jambe , batt.fondu a terre, batt. frappé e grand battement.

- Realizar un exercicio de adagio no centro con plié e port de bras.

Comprobar a colocación dos brazos e o torso e a coordinación de movementos.

-Realizar un exercicio de tendus no centro e as diferentes direccións no espazo.

Observar o sentido do alumno respecto ao espazo, ás dimensións e ás direccións.

-Realizar un exercicio de saltos combinados sobre dúas pernas.

Comprobar o pulo ao dobrar e estirar as pernas rapidamente, o es tiramento e forza do pé e do nocello, o centro e suxeición do demi plié para o empurre e a recepción do salto, a suxeición do torso, así como a elevación das cadeiras no salto e a coordinación de brazos e cabezas.

-Realizar improvisacións seguindo as distintas pautas marcadas polo profesor.

Con este criterio trátase de comprobar a creatividade, naturalidade e musicalidade do alumno /a.

4ºDCL GE

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	15%
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>-Realizar fichas relacionadas co ballet Coppelia que se estuda neste curso.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo do ballet, así como o seu argumento, os personaxes, o coreógrafo e a música.</p> <p>-Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía do vocabulario de danza traballado neste curso.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumnos aprendeu a coñecer e recoñecer a terminolo-</p>	15%



<p>xía dos pasos aprendidos neste curso.</p>	
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Realizar todos os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet deste nivel que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: , Jeté en cloche, Petit developpé pointé ou piqué, Rond de jambe en dehors e en dedans a 2tpo, Petit battement con acento diante e detrás, Battement fondu a 45o en cruz, Developpé e enveloppé en cruz, preparación de pirueta dende 5ª posición (fronte a barra) en dehors e en dedans, Grand battement en cruz en 4 tempos. Pas de bourrée dessus e dessous, saíndo desde segunda.</p> <p>Valorarase se o alumnado acadou unha correcta colocación,o control sobre o peso do corpo, a coordinación de pernas, brazos e cabeza, para a obtención dunha base sólida.</p> <p>-Reproducir un exercicio de port de bras.</p> <p>Este criterio pretende comprobar a correcta colocación dos brazos e a súa coordinación coa ollada, a cabeza e a respiración.</p> <p>-Realizar no centro os exercicios estudados na barra que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: Temps lié desde o tendu á second. Pas de basque en dehors en 8 tempos.</p> <p>Comprobar se o alumnado tomou conciencia da colocación do eixo corporal, do seu equilibrio, da coordinación de pernas, torso e cabeza e da correcta distribución dos movementos no espazo.</p> <p>-Realizar exercicios de pequenos saltos sobre unha e dúas pernas que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: Changement, Soubresaut.</p> <p>Pretende comprobar o controle a suxeición do demi plié no pulo e na recepción do salto, o control e a suxeición do torso, e a correcta utilización da pelve e das cadeiras neste.</p> <p>-Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos polo espazo.</p> <p>Con este criterio buscase observar o sentido do alumnado con respecto ao espazo, ás dimensións e ás direccións.</p> <p>-Realizar no centro pequenas variacións con ritmos diferentes que o alumnado debe memorizar e reproducir.</p>	<p>70%</p>



Este criterio pretende comprobar a súa memoria e o seu sentido rítmico.

-Realizar unha improvisación dun fragmento musical que o pianista toque no momento, a partir dunha escoita previa.

A través deste criterio, comprobarase se o alumnado desenvolveu a súa creatividade e expresión artística, así como tamén a musicalidade, a sensibilidade e o correcto emprego do espazo.

-En todos os exercicios valorarase o correcto emprego da respiración, así como a capacidade artística, a sensibilidade e a musicalidade do alumnado.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

Mínimos esixibles (4ºGE)

-Realizar todos os exercicios que compoñen a barra dunha clase de ballet deste nivel que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: Demi plié en 4a, Jeté en cloche, Petit developpé pointé ou piqué, Rond de jambe en dehors e en dedans a 2tpo, Petit battement con acento diante e detrás, Battement fondu a 45o en cruz, Developpé e enveloppé en cruz, preparación de pirueta desde 5a posición en dehors e en dedans, Grand battement en cruz en 4 tempos. Pas de bourrée dessus e dessous, saíndo desde segunda. Valorarase se o alumnado acadou unha correcta colocación, o control sobre o peso do corpo, a coordinación de pernas, brazos e cabeza, para a obtención dunha base sólida.

-Realizar no centro os exercicios estudados na barra que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: Temps lié desde o tendu á second, Pas de basque en dehors e en dedans en 8 tempos, battement tendu en tournant por oitavos.

Comprobar se o alumnado tomou conciencia da colocación do eixo corporal, do seu equilibrio, da coordinación de pernas, torso e cabeza e da correcta distribución dos movementos no espazo.

-Reproducir un exercicio de port de bras. Comprobar a correcta colocación dos brazos e a súa coordinación coa ollada, a cabeza e a respiración.

-Realizar exercicios de pequenos saltos sobre unha e dúas pernas que o profesor ou a profesora marquen no momento. Deberá incluír: Changement, Soubresaut. Pas de chat por coupés . Pretende comprobar o controle a suxeición do demi plié no pulo e na recepción do salto, o control e a suxeición do torso, e a correcta utilización da pelve e das cadeiras neste.



2. Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

Debido á natureza das nosas ensinanzas e aos requisitos para o seu desenvolvemento a avaliación non presencial da práctica da danza non é factible de xeito xeral. A avaliación realizarase en función das avaliacións previas e da avaliación das actividades teóricas desenvolvidas polo alumno durante o terceiro trimestre. Estas últimas poderán sumarse ás súas cualificacións anteriores. En ningún caso as avaliacións das actividades do terceiro trimestre poderán minorar as cualificacións anteriores do alumnado.

AVALIACIÓN 2019/2020		G.ELEMENTAL
ACTITUDE OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.	15% (1º e 2º trimestre)
ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOSTEÓRICOS, a través de probas escritas ou orais ou dun traballo ou fichas.	Aprendizaxe dos contidos de forma teórica e comprensión e interiorización dos mesmos, (tanto vocabulario técnico coma os contidos teóricos de ballets, coreógrafos, bailaríns...)	15% (1º, 2º e trimestre) 3º trimestre sumativo
EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA, a través da observación diaria na clase, tendo en conta as aptitudes físicas e intelectuais de cada alumno e alumna.	Execución correcta dos contidos segundo o método e tipo de linguaxe corporal aprendida (tendo en conta a coordinación, musicalidade, precisión, sensibilidade motora e artística, capacidade de expresión e interpretación...)	70% (1º e 2º trimestre)

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e continua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado durante o primeiro e segundo trimestre non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal dende o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: tomarase como referencia as aprendizaxes realizadas durante o primeiro e segundo trimestre valoradas tendo en conta os criterios de avaliación establecidos no punto 1 da presente modificación da programación e poderá incrementarse en 1 punto en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma.

Non sería necesario acadar o 50% en cada unha das partes para sumar os apartados e ademais os datos obtidos durante o terceiro trimestre soamente poden ser tidos en conta en positivo, nunca minorando as cualificacións anteriores.



3.Procedementos de avaliación e adaptacións metodolóxicas terceiro trimestre.

Durante o terceiro trimestre procuramos a atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo non presencial.

Co obxectivo de ampliar as materias impartidas, có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, e co obxectivo de beneficiar ao alumnado (nunca minorando a cualificación) realizáronse as seguintes actividades:

<u>DANZA CLÁSICA</u> <u>CURSO</u>	<u>ACTIVIDADES REALIZADAS</u>
1º GRAO ELEMENTAL	-Actividades de visionado de ballets presentes en internet . -Actividades repaso dos contidos teóricos estudados a través de apuntes teóricos e fichas.
2º GRAO ELEMENTAL	Traballo por videoconferencia de: - Exercicios de acondicionamento físico e traballo de colocación básica. - Traballos de improvisación a partir das emocións, xogando cos contrastes. - Exercicios de expresión corporal sobre o ballet “Pedro e o lobo”. - Xogos para traballar a terminoloxía e os contidos teóricos.
3º GRAO ELEMENTAL	- Repaso de contidos teóricos do primeiro e segundo trimestre. - Videoconferencia con exercicios de mobilidade e lúdicos adaptados ao espazo tres veces á semana. - Uso da aula virtual, mails e teléfono para responder a cuestionarios.
4º GRAO ELEMENTAL	-Traballos teóricos para repaso de contidos teóricos - Formularios on line para repaso de contidos teórico- prácticos



	<ul style="list-style-type: none">- Videoconferencia con exercicios de acondicionamento físico e traballo de colocación xeral.- Traballo de improvisación para actividade gravada e montaxe de vídeo.-Actividades para traballo persoal entregado a partir do teléfono móbil e centros net.
--	---

O seguimento do alumnado realizouse utilizando os seguintes medios de comunicación:

- CentrosNet
- Correo electrónico
- Videoconferencia a través da plataforma zoom.
- Teléfono móbil

O profesorado informa por escrito a través de CentrosNet, mail ou teléfono da concreción das actividades e probas de avaliación intentando favorecer dentro das nosas posibilidades a súa realización pola maior parte do alumnado.

As avaliacións das actividades do terceiro trimestre poderán mellorar as cualificación anteriores do alumando.

4. Proba extraordinaria de setembro e recuperación de materias pendentes.

A proba extraordinaria consistirá na realización dunha única proba de carácter teórico-práctico. Os instrumentos de avaliación poderán adaptarse as eventualidades que puidesen xurdir por mor da crise sanitaria.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PROBA EXTRAORDINARIA:

DCL	ADQUISICIÓN	DE	EXECUCIÓN	TÉCNICA	E
GRAO	COÑECEMENTOS TEÓRICOS		PRÁCTICA		
ELEMENTAL	20%		80%		

Os criterios de avaliación serán os mesmos que en xuño.

A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados, non sendo necesaria a superación do 50% da cualificación por separado.

As programacións didácticas do curso académico 2020-2021 incorporarán aqueles obxectivos e contidos que non se puideron abordar neste curso escolar, ben na mesma materia se esta forma parte do curso seguinte, ben noutras materias.

A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica danza farase nas clases do curso seguinte. Partindo desta premisa, cualificarase ao alumnado en base ao referido no apartado 1. da modificación da presente programación.

5. Información e publicidade.

A principal vía de comunicación co alumnado e familias será a plataforma “centrosnet” tendo en conta que é o mecanismo oficial e o medio empregado maioritariamente.

Empregarase igualmente a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.



Logo de recibidas as programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.